

## CURRÍCULOS RELADORES ENCONTRO “A XESTIÓN CULTURAL A DEBATE”

### BLOQUE TEMÁTICO 1: A XESTIÓN CULTURAL COMO ESPAZO PROFESIONAL E GRAO UNIVERSITARIO



**Alfons Martinell Sempere**. Profesor emérito e Director honorífico da *Cátedra Unesco: "Políticas Culturales y Cooperación"* da Universidade de Girona. Foi Vicerreitor de Formación Continuada e o primeiro Coordinador dos Estudos de Educación Social da UdG. Foi Director Xeral de Relacións Culturais e Científicas da Axencia Española de Cooperación Internacional. Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación de España (2004 –2008). Presidente e fundador do Observatorio Interarts (1995 – 2004). Fundador e membro do *Laboratorio de Investigación e innovación en Cultura y Desarrollo* con sede en Colombia e España. Experto no campo da Formación de Xestores Culturais, Cooperación Cultural e Desenvolvemento, Políticas Culturais. Ten publicados diferentes libros, artigos e traballos no campo de xestión cultural, políticas culturais, cultura e desenvolvemento, cooperación cultural internacional. Impartiu docencia en diferentes Universidades de España. Europa e América Latina e dirixiu proxectos de cooperación cultural en institucións internacionais.

Website: [www.alfons.martinell.com](http://www.alfons.martinell.com)



**Gonzalo Francisco Fernández Suárez**. Doutor en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela (2002). Autor de numerosas publicacións así como participante en varios proxectos de investigación e director de diversos cursos de verán e congresos, nas súas investigacións e cursos ven prestando atención á documentación nobiliar, municipal e notarial galega da Idade Moderna (s. XVI-XVIII).

Dende o curso 2003-2004 ven exercendo como docente na Facultade de Humanidades do Campus Terra dentro da Área de Ciencias e Técnicas Historiográficas. Dende o curso 2012/2013 é o coordinador do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural e en setembro do 2015 asumiu as funcións como vicedecano da Facultade de Humanidades, tendo participado como membro das comisións redactoras tanto do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural como do actual Grao en Xestión Cultural.



**Ricardo Córdoba de la Llave.** Catedrático de Historia Medieval na Universidade de Córdoba desde o ano 2007. Profesor Asociado na Universidade de Estremadura (1988), Bolseiro do Consejo Superior de Investigaciones Científicas en el Instituto de Historia de Madrid (1989). Estancias no Centro de Historia de las Técnicas de París (2001), Universidades Paris 8 y Florencia (2004) y Campo de experimentación arqueológica de Melle (2005-2006).

Responsable do Grupo de Investigación do PAIDI HUM128 *Meridies. Estudios de historia y patrimonio de la Edad Media*; Investigador Principal do proxecto do Plan Nacional de Investigación HAR2015-67619P, *Tecnología y conocimiento en la Península Ibérica (séculos XIII- XVI)*; Director do estudo arqueolóxico do castelo de *Castro el Viejo* en el *Conjunto Arqueológico de Torreparedones (Baena)*; e Coordinador do proxecto de catalogación de obras hidráulicas da provincia de Córdoba para o inventario do patrimonio histórico andaluz.

Autor, entre outros libros, de *La industria medieval de Córdoba* (Córdoba, 1990), *Los molinos hidráulicos del Guadalquivir en la ciudad de Córdoba* (Madrid, 2008), *Ciencia y técnica monetarias en la España bajomedieval* (Madrid, 2009), *Tintorería y Medicina en la Valencia del siglo XV: el manual de Joanot Valero* (Barcelona, 2011) y *Los oficios medievales. Tecnología, producción, trabajo* (Madrid, 2017). E coordinador, entre outras obras colectivas, de *Mil años de trabajo del cuero* (Córdoba, 2003), *Craft Treatises and Handbooks. The Dissemination of Technical Knowledge in the Middle Ages* (Turnhout, 2013) y *Torreparedones. Investigaciones arqueológicas 2006-2012* (Córdoba, 2014).



**Alfonso M. Doctor Cabrera.** (1964) É Profesor Titular da Universidade de Huelva, adscrito á Área de Xeografía Humana, dentro do Dpto. Historia, Xeografía e Antropoloxía. Actualmente é Decano da Facultade de Humanidades, da que anteriormente foi Vicedecano (1999-01 e 2012-16). Foi tamén Subdirector da Sede Iberoamericana da Rábida da Universidade Internacional de Andalucía (2002-05). Neste ámbito da xestión universitaria, publicou (2005) a *Guía para la Autoevaluación de Estudios de Postgrado y Títulos Propios* de la Unidad para la Calidad de las Universidades Andaluzas.

Entre as súas liñas de investigación atópanse a de *Patrimonio natural y cultural*, e *Literatura y Geografía*. Dentro das mesmas, participou en diversos proxectos de investigación, como *Territorio y patrimonio. Reconocimiento básico, diagnóstico y avance de propuestas para la*

*correcta integración del ámbito de influencia de la cuenca del Guadiamar en el proyecto de Corredor Verde* (1999-02, financiado pola Consellería de Medio Ambiente, da Junta de Andalucía), *Formulación y diseño de un sistema de información geográfica referido a la planificación y gestión integral del patrimonio natural y cultural* (2006-07, Axencia Española de Cooperación Internacional), *El patrimonio territorial como recurso para la integración ambiental y el desarrollo territorial. Un análisis comparado* (2007-11, Plan Andaluz de Investigación), *El patrimonio natural y cultural en la Reserva de la Biosfera de Marismas del Odiel, y su interacción con el territorio y la sociedad* (2014-15, Campus de Excelencia Internacional CEI-Patrimonio). Dirixiu tamén, finalmente, o proxecto *Articulación de los recursos patrimoniales turísticos y aplicación de la tecnología SIG a su planificación y gestión* (2009-10, Axencia Española de Cooperación Internacional).

Como resultado do anterior, e dentro do ámbito do patrimonio e a súa difusión, achegou 6 libros, 2 artigos científicos, 3 capítulos de libro, 2 contribucións a congreso, e 1 tese doutoral dirixida. Pola súa banda na temática de Literatura e Xeografía, as publicacións foron 2 capítulos de libro.



**Ramon Girona.** Licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universitat Autònoma de Barcelona. Doutor en Teoría e cultura contemporáneas, pola Universitat de Girona.

Vicedecano da Facultade de Letras da Universidade de Girona. Anteriormente fora coordinador dos graos de Publicidade e Relacións Públicas (2012-2015) e de Comunicación Cultural (2015-2018) da mesma universidade.

Profesor de narrativa audiovisual na Universitat de Girona.

Autor de libros como *Frank Capra* (Madrid: Cátedra, 2008), *Why We Fight de Frank Capra. El cinema al servei de la causa aliada* (Valencia: Filmoteca de València, 2009), *El cinema de propaganda als EUA* (Barcelona: Editorial UOC, 2010) e a súa versión castelá, *El cine de propaganda en EE.UU.* (Barcelona: Editorial UOC, 2015). Editor do libro *Cinema, publicitat i turisme* (Girona: Documenta Universitaria, 2012).

Autor de diversos artigos publicados en revistas científicas como *Archivos de la Filmoteca*; *Public Relations Review*; *Archives. Institut Jean Vigo*; *Revista À Beira*; *L'Atalante. Revista de estudios cinematográficos*.

Colaborador con capítulos en diversos libros colectivos como: “Representaciones del poder político en las actualidades de los orígenes del cinematógrafo” (con A. Quintana), en *Imagen y verdad en el mundo hispánico* (Villeurbanne: Editions Orbis Tertius, 2015) e “Historia e historias”, en Barbara Zecchi (ed.), *Tras las lentes de Isabel Coixet* (Zaragoza: Prensas de la Universidad de Zaragoza, 2017).

E pendente de publicación: “Como braceando en el vacío. Cartas de Herminio y Néstor Almendros a Josep Ferrater Mora” en Fathia Idmhand and Margarida Casacuberta (ed.), *Figuras del 36: el exilio español y su actores de segunda fila: las redes de emergencia de una nueva cultura transnacional* (Peter Lang, 2019) e “Descentralising the Spanish macho man legend and post-modern irony in *Jamón, jamón*” (con A. Quintana), (New York University Press, 2019).



**Carme Silva Domínguez**. (Lugo, 1968) é licenciada en Filoloxía Hispánica, subsección Galego-Portugués (1991) e doutora en Filoloxía Galega (2001) pola Universidade de Santiago de Compostela. Desde 2003 é profesora titular do Departamento de Filoloxía Galega desta universidade e o seu destino estivo sempre no campus de Lugo, no que foi docente nas Facultades de Humanidades e Formación do Profesorado.

O seu primeiro interese como investigadora dirixiuse cara ao ámbito da sintaxe da lingua galega. Nesta liña de traballo sitúase a súa publicación de 2002, *Frases nominais con posesivo en galego*. Estrutura e valores referenciais, na que se plasma a investigación da súa tese de doutoramento. Outros aspectos gramaticais que foron do seu interese teñen que ver con cuestións de léxico normativo e estruturación do complemento directo [+humano] na lingua galega. A partir de 2006 os seus traballos oriéntanse á análise do modelo de integración lingüística deseñado desde as institucións para o colectivo de inmigrantes, adultos e nenos, que se instalan en Galicia nas primeiras décadas de século. Desenvolve ademais unha liña de traballo centrada na análise do discurso mediático sobre estes mesmos colectivos de novos poboadores da comunidade. Un último froito desta liña de traballo é a súa coedición, xunto á profesora Montserrat Recalde, do libro *Ser inmigrante en tempos de crise. Unha ollada multidisciplinar* (2016).

Coordina desde 2013 o Máster en Servizos Culturais da Universidade de Santiago de Compostela (Facultade de Humanidades de Lugo). Foi Vicerreitora de Servizos Universitarios do campus de Lugo entre 2014 e 2018.



**José María Manjavacas Ruiz.** Antropólogo social e cultural e profesor da Universidade de Córdoba, onde coordina o grao en *Gestión Cultural* e a unidade de investigación *ETNOCÓRDOBA Estudios Socioculturales*.

Membro do *Grupo para el Estudio de las Identidades Socioculturales en Andalucía (GEISA, grupo interuniversitario, SEJ 149, Plan Andaluz de Investigación)*, da *Comisión Andaluza de Etnología* (Consejería de Cultura, Junta de Andalucía), do *Observatorio Provincial de Sostenibilidad* (Deputación de Córdoba) e da xunta directiva da *Asociación Andaluza de Antropología*. Forma parte do grupo de traballo de Turismo da Universidade de Córdoba á que representou no proceso de creación do Instituto Municipal de Turismo. Coordinador do ciclo *Debates sobre la Ciudad (Escuela de Participación Ciudadana, Ayuntamiento de Córdoba)*.

Liñas de investigación: Patrimonio Cultural e turismo responsable; Democracia participativa, participación cidadá local, movementos sociais urbanos e novos municipalismos.

Dirixiu o Informe "*Actividades turísticas en la ciudad de Córdoba: impactos y propuestas para la gobernanza democrática local*" (2016-2017) e na actualidade elabora a Documentación para a inscrición do Entroido de Cádiz como Ben de Interese Cultural no Catálogo Xeral do Patrimonio Histórico Andaluz. Investigador no proxecto I+D+i "*Democracia y formas de participación política: hacia una redefinición de la ciudadanía democrática*" e coordinador do equipo UCO do proxecto "*De la protesta a la propuesta. Ayuntamientos 'del cambio', políticas urbanas y movimientos sociales*" (I+D+i "*Retos y excelencia*", MINECO 2015-2018).

Recentemente coordinou o dossier monográfico "*Actividades Turísticas, Ciudad y Patrimonio Cultural. Miradas críticas*" publicado no número 15 de *Revista Andaluza de Antropología* (setembro de 2018) e foi director científico do *I Congreso Internacional "Patios de Córdoba. Patrimonio Cultural, Ciudad y Turismo Sostenible"* (novembro de 2018).



**Mónica Rodríguez Gijón.** (1975) É Profesora Contratada Doutora da área de Filoloxía Alemá, no Dpto. de Filoloxía. En canto á xestión académica, foi Vicedecana de Estudantes e Infraestrutura da Facultade de Humanidades, e desde 2016 é a Secretaria do devandito Centro. Os seus traballos de investigación xiran ao redor de tres liñas: a Filoloxía alemá, a literatura alemá da Idade Media e do Renacemento, e o ensino do alemán como lingua estranxeira. Para unha consulta detallada do seu currículo investigador, pode acudirse ás bases de datos:

[www.scopus.com/authid/detail.uri?authorId=57189658213](http://www.scopus.com/authid/detail.uri?authorId=57189658213), orcid. org/0000- 0002-4228-7746, e <https://dialnet.unirioja.es/servlet/autor?codigo=594630>.

En canto á súa docencia, a Dra. Rodríguez Gijón, que realizou numerosos cursos de formación e participou en varios Proxectos de Innovación Docente (destes últimos, un deles centrado na formación complementaria do alumnado de Xestión Cultural), impartiu desde os seus comezos como bolsreira ata a actualidade materias relacionadas coas materias propias da súa Área. En primeiro lugar, as que están máis centradas na Filoloxía Alemá, nas que destaca o alemán como lingua estranxeira -nos seus distintos niveis, tanto en grao como en máster-, e a Literatura alemá.

Tamén hai que destacar a súa presenza en materias novas para as titulacións de Grao, como o Practicum (tanto do Grao en Estudos Ingleses como do Dobre Grao en Estudos Ingleses e Filoloxía Hispánica), verbo do cal, ademais, coordinou un Proxecto de Innovación Docente no curso 2017-18. Tamén se centrou no Traballo Fin de Grao, no que ademais de ser actualmente a Coordinadora desta materia en todas as titulacións de Grao da Facultade de Humanidades, dirixe TFG, impartiu talleres para que o alumnado traballe as distintas destrezas que se lles require, e forma parte, con regularidade, dos seus tribunais avaliadores.



**Olga Del Rio.** Licenciada en Ciencias da Información e Doutora en Ciencias da Comunicación pola Universidade Autónoma de Barcelona. Master en Xénero e Desenvolvemento. Coordinadora do Grao de Comunicación Cultural da Universitat de Girona. Profesora da Universitat de Girona.

Coordinadora Académica e profesora (2005-2012) na UAB do Master Erasmus+ "Master Europeo de Especialización Profesional en Mediación Intercultural e Integración económica - MIM". Impartido pola Universidade de Montpellier (Francia), Universidade Ca'Foscari de Venecia (Italia) e Universidade Autónoma de Barcelona (España). Profesora no "Master the euro-mediterranean region: sustainability between people and politics EU-MES" – (2011-2016). Impartido por: Universitat SOAS de Londres, Universitat París 8, Universitat Autònoma de Barcelona, Universitat Ca' Foscari de Venecia i Universitat Paul Valery de Montpellier.

Investigadora do "Laboratorio de Prospectiva en investigación en Comunicación, Cultura e Cooperación" (LAPREC) de Universidade Autónoma de Barcelona e do INCOM-UAB.

Coordinadora de diversos proxectos de cooperación internacional, entre outros, do Proxecto “Public Service Broadcasting in the MENA Region” coa participación de universidades de 8 países MENA (con fondos de PANOS-Paris, OMEC-Irish Aid, Open Society Foundation e ACCID).

Editora e autora en varios libros e autora de diversos artigos publicados en revistas académicas. Última publicación “TIC PARA EL DESARROLLO SOSTENIBLE. Recomendaciones de políticas públicas que garantizan derechos”.. (Colección Policy paper; Montevideo, UNESCO, 2018).



**Pau Rausell Köster**. (Gandia, 1966). Economista e profesor titular do Departamento de Economía Aplicada da Universitat de València. Director da área de Investigación en Economía da Cultura e Turismo (Econcult).

Publicou numerosos libros e artigos en revistas especializadas e en prensa sobre temas relacionados coa comunicación e a cultura. Intervén habitualmente en seminarios e numerosas conferencias nacionais e internacionais sobre temas como as cidades creativas, as relacións entre cultura, innovación e desenvolvemento e o impacto económico da cultura.

Nos últimos anos dirixiu máis de 20 grupos de investigación para estudos encargados por axentes como Museo de Belas Artes de Valencia, Museo nacional de González, Martí, Museo Nacional da Enerxía, o gremio de Artistas Falleros de Valencia, a Fundación Autor da SGAE, a Consellería de Cultura de Murcia, da Comunidade de Madrid, da Generalitat Catalá e Valenciana ou do cabido de Gran Canaria, a Organización de Estado Iberoamericanos ou a Axencia Española de Cooperación Cultural, entre outros.

Participou en procesos e estudos de planificación cultural para territorios como Cataluña, Comunidade Valenciana e cidade de Valencia, Illas Canarias, Madrid e Comunidade de Madrid, entre outros.

Lidera e participa en proxectos competitivos nacionais e europeos como INNOVA, SOSTENUTO, CREATIVEMED, 3 C4 INCUBATORS, OPEN DOORS, CULTURE FOR CITIES AND REGIONS, TRANSMAKING, DESIGNSPACES.



**Natalia Alonso Ramos.** (Foz, 1983). É doutora en Comunicación e licenciada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Dende xuño de 2016, encárgase da execución do “Plan de Comunicación e Reputación Corporativa do Campus Terra 2016-2019” que recolle propostas para o posicionamento da marca ‘Campus Terra’ a fin de converter o Campus de Lugo nun Campus de Excelencia especializado na explotación e xestión dos recursos naturais e do territorio dende unha perspectiva multidisciplinar.

Alonso Ramos inicia a súa traxectoria profesional en 2004, aos 20 anos, na delegación de Antena 3 Televisión en Galicia. Tralo período de prácticas pasa a formar parte do cadro de persoal e dende alí encárgase de cubrir a actualidade galega, traballando para todas as seccións destes servizos informativos. En 2008, trasládase a Madrid para continuar traballando nos servizos centrais desta canle. Ademais ten traballado como redactora, articulista e xefa de sección no desaparecido *Xornal de Galicia*, e ten sido articulista en *Vieiros*.

Dende 2010, a súa experiencia laboral está vinculada como investigadora á USC a través de diferentes proxectos de investigación. En 2012, gañou o VIII Certame Literario *Concello de Ames* na categoría de poesía e na actualidade é xefa de redacción de *Volvoreta. Revista de Literatura, Xornalismo e Historia do Cinema da* Fundación Wenceslao Fernández Flórez, de cuxo padroado forma parte. Ademais é membro da Asociación Española de Historiadores del Cine (AEHC).



**Gloria Cruz Amil.** Licenciada en Psicoloxía Social, Industrial e do Traballo, Experto Universitario en Xestión e Desenvolvemento de Recursos Humanos, Máster en Administración e Dirección de Empresas | MBA.

Comezou a súa andaina profesional en diferentes empresas privadas, vinculada sempre ao ámbito da xestión, organización e selección de persoas.

Desde hai 20 anos desenvolve a súa carreira profesional na Universidade de Santiago de Compostela, como responsable e técnico de xestión da área de Orientación Laboral e Emprego do Campus de Lugo. Onde leva a cabo diferentes actividades encamiñadas ao desenvolvemento curricular e profesional de universitarios, asesoramento no deseño de novos títulos, asesoramento sobre perfís profesionais que se imparten no campus, nexo de unión co sector empresarial, xestión da ‘Bolsa de Emprego’, implementación de plans de formación para o emprego e formación en competencias transversais, etc.



É ademais técnico de xestión de proxectos europeos. De 2001 a 2017 foi responsable de proxecto e técnico de xestión do Programa Leonardo da Vinci da USC: Proxecto Europracticum (Programa de prácticas profesionais remuneradas en Europa para egresados da USC). Na actualidade presta asesoramento técnico para o deseño, desenvolvemento, execución e auditoría do proxecto LANDCARE Erasmus + | USC.

Continúa desenvolvendo a súa actividade como técnico de selección de persoal, participando en diferentes procesos de emprego público na USC, como asesora técnica.

Membro da Comisión de Xestión e Servizos do Campus Terra para a elaboración e redacción do Plan Estratéxico do Campus Terra |Campus de Lugo | de 2013 a 2014.

De 2010 a 2014 colaboradora coa Comisión do Consello de Goberno da USC para Relacións Internacionais.

É membro e fundadora desde 2009 da REDE TIL (Rede de Técnicos de Inserción Laboral de Lugo), un foro de encontro, discusión e traballo con todas as entidades do terceiro sector da cidade.



**Rafael Cejudo Córdoba**. (Madrid, 1972). Profesor Contratado Doutor de Ética e Filosofía Política na Universidade de Córdoba. Coordinador do Grao en Xestión Cultural da devandita universidade desde o seu comezo no 2014 ata xullo de 2018, titulación na que imparte Ética e Responsabilidade Social. Foi secretario do Máster en Textos, Documentos e Intervención Cultural entre 2009 e 2012. Membro do Comité de Prácticas Responsables e Integridade na Investigación da Universidade de Córdoba.

Doutor en Filosofía (premio extraordinario) pola Universidade de Córdoba en 2004. Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación pola Universidade de Granada en 1996. Diplomado en Ciencias Empresariais por ETEA-Universidade de Córdoba en 1993. Realizou estancias de investigación no Instituto de Filosofía da Universidade do Porto, a Chaire Hoover d' éthique économique et sociale da Universidade Católica de Lovaina, ou o Wellesley College en Estados Unidos, entre outros.

Publicou máis de trinta traballos sobre ética destacando os seus estudos sobre Amartya Sen e John Stuart Mill. Relacionados coa ética da xestión cultural publicou os seguintes títulos:

- “A universidade na responsabilidade cultural da empresa: un camiño circular”. *Cultura dual: narrativas de la interacción universidad-sociedad*. Praza y Valdés, 2018
- *Argumentos culturales para la responsabilidad social empresarial*. *Recerca, Revista de Pensament i Anàlisi*. 21, pp. 107 - 129. 2017.
- La participación del público en el coste de la oferta cultural: argumentos éticos para el debate. *Arbor*. 193 - 784, pp. 1 - 11. 2017.
- Rafael Cejudo Córdoba; Pablo Rodríguez Gutiérrez. “Assessment Model for Business Commitment to Culture and Fine Arts”. *The Contribution of Love, and Hate, to Organizational Ethics*. *Research in Ethical Issues in Organizations*. 16, pp. 181 - 205. Emerald Group Publishing Limited, 2016.
- Por qué seguir gastando en cultura en tiempos de crisis: justificaciones desde la filosofía política liberal. *Dilemata*. *Revista Internacional de Éticas aplicadas*. 6 - 15, pp. 195 - 203. 2014.
- Sobre el valor del Patrimonio Cultural Inmaterial: una propuesta desde la ética del consumo. *Dilemata*. *Revista Internacional de Éticas aplicadas*. 6 - 14, pp. 189 - 209. 2014



**Felipe Sangareau.** (1993) Inicia a súa formación na Universidade Pompeu Fabra, estudando *Negocios e Márketing Internacionais*, aínda que posteriormente cursa o *Grao en Xestión Cultural* impartido pola Universidade de Huelva. Esta carreira supón un equilibrio perfecto entre as ciencias empresariais e as humanidades, o que lle permitirá seguir unha formación con saída profesional e ao mesmo tempo moi enriquecedora humanamente.

Durante a súa estancia en Huelva, consegue poñer en marcha, con axuda da área de Filoloxía Francesa, un convenio de colaboración e intercambio entre o *Grao de Médiation Culturelle* da Universidade Sorbona, de París, e o *Grao de Xestión Cultural* da Universidade de Huelva. Este convenio permítelle realizar un Erasmus durante o seu terceiro ano de carreira.

Despois do Erasmus, decide realizar as súas prácticas curriculares en París, unha das capitais globais da cultura. Grazas á flexibilidade do Decanato da Facultade de Humanidades da UHU, consegue un posto no Departamento de Vendas do festival lírico *Opéra en Plein Air*.

Tres tempadas despois da súa entrada no festival como asistente comercial, alcanza o posto de Director Comercial e de Billetería, sendo responsable da comercialización de 50 representacións de *La Bohème* de Puccini, *Las Bodas de Figaro* de Mozart, e *Carmen* de Bizet,

acollendo preto de 100.000 espectadores, e organizando máis de 60 eventos de relacións públicas.

Actualmente, dirixe a súa pequena empresa, especializada no asesoramento comercial e de relacións públicas para empresas no sector cultural.



**Alejandro Santaflorientina**. Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Barcelona. Máster de Arts, Lettres et Langues pola Université de Perpignan Via Domitia (Francia). Máster en Estudos Europeos pola University of Guelph (Canadá).

Coordinador do proxecto *A Tempo, Artes y formación* da Fundación la Ciutat Invisible, que ten como obxectivo conectar o mundo cultural e educativo na provincia de Girona. Responsable de contidos formativos da Asociación ConArte Internacional, en colaboración coa cátedra UNESCO de Políticas Culturais e Cooperación da UdG.

Profesor de xestión cultural na Universitat de Girona.

Formador no proxecto transfronteirizo *MIGAP: Acceso a la educación y a la cultura para la generación de capacidades en el territorio transpirenaico*, financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do programa POCTEFA / INTERREG.

Autor de diversos proxectos de arte comunitaria como: *El cos es cola (El mètode Fermington)*, unha produción escénica coa mocidade de Salt premiada coa bolsa *Art for Change* da Obra Social La Caixa e estreada no festival internacional de artes escénicas *Temporada Alta*.

Autor de diversos artigos publicados en revistas científicas como: "Transitando Identidades, la Mediación Artística en el proceso de rehabilitación de personas con problemas de adicciones" (con Ascensión Moreno), en *Cuadernos de Trabajo Social, Vol 26, No 2*. Complutense.

Colaborador con capítulos en diversos libros colectivos como: "A Genealogical Approach to Memory and Identity: Strategies of Remembering in Amin Maalouf's Orixines", en *The Arts of Memory and the Poetics of Remembering*, Abbes Maazaoui (ed.). Cambridge Scholars Publishing.



**Uxío Novoneyra** – @UxioNovo (Lugo, 1981). É consultor de proxectos de innovación e internacionalización no eido das ICC e o Turismo Cultural.

É Licenciado e DEA en Ciencias Políticas e da Administración pola USC, Master en Unión Europea e financiamento comunitario pola UDC e a Universidade de Lovaina e Posgraduado en Organizacións Financeiras Multilaterais pola Escola de Negocios de Abanca.

Ten ocupado postos de responsabilidade como asesor e técnico nas administracións públicas galegas e como Directivo e Asociado en diferentes empresas privadas como a marca Rei Zentolo, a distribuidora Caligrama e a Editora Abooks, entre outras. Codirixe a Usina de Desenvolvemento Rururbano @DosEidos coa cal, como consultor @ICOMOS\_es, coordina a iniciativa #LugoÉMundial de valorización Patrimonial co Concello de Lugo; e como fillo, é secretario da Fundación Uxío @Novoneyra, a mais internacionalizada das culturais galegas, onde coordina a plataforma @IthCrowdfunding de financiamento e formación ICC. Tamén é membro e tesoureiro do Obradoiro de Ideas Láncara.

Courelao, Lucense e Compostelán por tercios, segue a máxima de que "O Futuro só é un sitio desde onde mirar pra hoxe"



**Cristina Fiaño**. Graduada en Ingeniería Técnica en Diseño Industrial por la Universidad de A Coruña y en Ciencias de la Cultura y Difusión Cultural por la Universidad de Santiago de Compostela. Ex-directora de *Evohé. Revista Cultural del Campus de Lugo*, en la que dedicó monográficos al celtismo, a Borges, a Cortázar y a la memoria en la República Argentina. Comenzó realizando entrevistas comprometidas con la vida creativa (Claudio Rodríguez Fer, Antonio Gamoneda), con la investigación bioliteraria (Jean Liberto Andreu, Julio Ortega) y con la memoria histórica (Taty Almeida, directiva de las Madres de lana Plaza de Mayo; Darío Rivas, promotor de la querrela argentina).

Ejerció la crítica literaria sobre obras como *Ficciones* de Jorge Luis Borges, *Historia de cronopios y de famas* de Cortázar, *El ajedrez de estrellas* de Lily Litvak, *Cántigas de alén* de José Ángel Valente y los sucesivos ensayos biográficos colectivos publicados por la Cátedra Valente de Poesía e Estética con el título conjunto de Valente vital. La revista *Unión Libre* dedicó un monográfico a su estudio interdisciplinario *O vello cárcere de Lugo (1936-1946)*.


Como poeta de la intensidad vital y de la pasión libre ha colaborado en las antologías *Amour Fou* e *Inmortal amor mortal*, de la editorial Pigmalión, y en las plaquetas *Poemas para país* y *Amour Fou*, publicadas por la colección *A tola soñando*. Asimismo, participó en diversas iniciativas de diseño gráfico, como es el caso del libro poético-visual *Cinepoemas* de Claudio Rodríguez Fer o el catálogo de la exposición *Corpoética*, del mismo autor.

Como socia de la cooperativa Urdime participa en la creación, diseño y desarrollo de diversos proyectos culturales. Entre ellos destacan la exposición permanente *O vello cárcere de Lugo. Da guerra á posguerra*, albergada en este antiguo espacio de represión; la exposición de arte contemporáneo *Dende o panóptico: cada cela unha fiestra*; la celebración del centenario de las Irmandades da Fala en Santiago de Compostela; la programación familiar *12 doces do outono* o *el Festival Internacional de Cine Infantil Cinema Crianza*.



**Lidia de la Fuente López**. Lucense namorada da súa terra. Diplomada en Turismo (Universidade da Coruña, 2004), Licenciada en Humanidades (USC Campus Lugo, 2007) e Máster en Alta Xestión en Política e Estratexia dos Destinos Turísticos (Universitat

Oberta de Catalunya, 2009). Desenvolveu a súa carreira no sector turístico e cultural durante os últimos 14 anos en Galicia, Cataluña, Madrid e Alemaña. Guía Oficial de Turismo de Galicia nos idiomas alemán e inglés. Dende o ano 2017 emprendedora baixo a súa propia marca, *Camiños con arte*, ofrecendo un servizo de visitas guiadas en Galicia, así como acompañamento nos diferentes Camiños de Santiago. Participante no programa de apoio a emprendedores Inicia Coworking 3 do Concello de Lugo (2018), adxudicataria dun local comercial no viveiro de empresas no barrio da Tinería de Lugo e actualmente colaboradora no equipo de investigación histórica da Vía Künic (Camiño Francés por Lugo).



**Lucía Mosquera Miramontes**. (Teo, 1974). Técnica de Xestión Cultural do Concello de Teo.

Dende moi cativa estivo vinculada a varias asociacións culturais, participando activamente no mundo do baile, canto e música tradicional, do patrimonio e das artes escénicas e teatrais do Concello de Teo, nas cales aínda participa actualmente. Estas sementes xerminaron nela paseniñamente, para que anos despois estudara a *Diplomatura de Educación Social*,

(formando parte da primeira promoción de Galicia na especialidade de Animación Sociocultural e Desenvolvemento Comunitario ) e a *Licenciatura de Pedagogía Social e Laboral*.

Paralelamente ós seus estudos e experiencias, estivo na directiva da antiga Asociación de Educadores/as Sociais de Galicia, e foi membro da comisión xestora para a creación do Colexio Profesional de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia. Nel formou parte dos profesionais que fixeron o proceso de habilitación profesional, na área de xestión cultural e animación cultural. Posteriormente foi membro da súa directiva xa como Colexio profesional e actualmente está colexiada co número 109.

Paralelamente a isto, participou durante os últimos 20 anos en numerosas formacións como cursos, congresos, encontros, xornadas... das distintas administracións e universidades vinculados á animación sociocultural e a xestión cultural propiamente ditos como foron: os de Sector Público Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo; os de Vía Cultura: Plan Formativo para profesionais da Acción Cultural da Consellería de Cultura; os do Consello da Cultura Galega e os do Plan Interea da Deputación da Coruña entre outros moitos, xunto co máster en *Servizos Culturais* da Facultade de Humanidades de Lugo.

En setembro do ano 2000 comezou a súa andaina profesional na administración local na área de cultura e educación, comezando na Deputación da Coruña, pasando polo Concello de Santiago, Concello de Brión e dende o ano 2007 ocupa o posto de Técnica de Xestión Cultural e programadora cultural no Concello de Teo. Actualmente tamén dende o seu posto laboral titoriza as prácticas do alumnado de diversas titulacións relacionadas coa xestión cultural da USC, dos TASOC,...



**Encarna Lago González**. (Barcelona, 1962) Funcionaria, Xestora, Comisaria e Catalizadora

Xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo. Dezanove anos de experiencia na dirección, programación e xestión de museos dentro das liñas do “Movemento Internacional para unha nova Museoloxía (MINOM)”. Conferenciante e autora de numerosos artigos sobre museoloxía social, xestión de museos, sustentabilidade e inclusión, comisaria de numerosas exposicións e coordinadora de programas de responsabilidade social, capacidades diversas, accesibilidade, inclusión, xéneros, arte, educación, culturas en diálogo etc.

Docente no Título de Especialista en “La Aplicación de la perspectiva de género en las Industrias Culturales” organizado pola Universidad Complutense de Madrid e do Titulo Propio da Universidade de Málaga de "Técnico Auxiliar en entornos Culturales" dirixido a persoas con discapacidade intelectual.

Forma parte da Xunta Directiva de MAV (Mulleres das Artes Visuais), do Comité de honra da Bienal de Arte da Fundación Once 2018, e de WILPF – Liga Internacional de Mulleres pola Paz e a Liberdade.

Baixo a súa xestión, a Rede Museística Provincial foi recoñecida, co Premio da Crítica de Galicia 2004, Premio Mellor Experiencia didáctica 2009, Premio ONCE Solidariedade 2011, Premio Boa e Xenerosa Aventados 2016, Premio Galicia Inclusión 2017, Premio Ibermuseos 2017 e coa incorporación do Plan Inclusivo no Banco Galego de Boas Prácticas.

## BLOQUE TEMÁTICO 2: DESEÑO E ORGANIZACIÓN DE EVENTOS

### CULTURAIS



**Ángel Hernández Azorín** Nace en Yecla, en 1974. Á idade de dez anos comeza os seus estudos musicais de solfexo e saxofón na Escola da Asociación de Amigos de la Música de Yecla, ingresando despois na súa Banda de Música. Continúa os seus estudos no Conservatorio Superior de Música de Murcia, co profesor D. Manuel Miján, finalizando os estudos Superiores co profesor D. Antonio Salgas. Amplía e perfecciona os estudos de saxofón con Henry Bock, e Claude Delangle.

Desde 1996 é director titular da Banda de Música da Asociación de Amigos da Música de Yecla e desde o ano 2010 ata o ano 2013 foi tamén director titular da Agrupación Musical de Beniaján, Murcia. Na actualidade compaxina a dirección da Banda AAM de Yecla coa da Banda AJAM de Jumilla.

Asiste para a súa formación a diversos cursos na especialidade de Dirección de Banda cos mestres: José Miguel Xeonllo, Jaime Belda, Henrie Adams, Franco Cesarini, Alex Schillings, Jan Van der Roost, Douglas Bostock, Eugene Corporon e Ferrer Ferrán ou os cursos organizados pola RBO de Leipzig na Cidade de Wüzwurg (Alemaña) en maio de 2007 e a propia cidade de Leipzig (Alemaña) en setembro de 2008 ambos impartidos polo Mestre Jan Cober, tamén asiste á Master Class organizada pola Tokyo Kosei Wind Orchestra na cidade de Turín na súa xira por Europa no ano 2010 cos mestres Lorenzo della Fonte e Douglas Bostock. En marzo de 2012 é contratado para dirixir a Orquestra de Sopros EPMVC en Portugal.

No ano 2002 obtén o Diploma Acreditativo polos seus tres anos de estudos na especialidade de Dirección de Banda, na Escola Comarcal da Vall D' Albaida (Valencia) co Mestre D. José Rafael Pascual Vilaplana e desde 2010 é Titulado Superior na especialidade de Dirección de Banda polo *Istituto Superiore Europeo Bandístico* cos profesores Carlo Pirola e Jan Cober tras catro anos de estudos na cidade de Mezzocorona, Trento (Italia).

Como director titular das bandas AAMY e AMB obtivo numerosos galardóns nos distintos concursos aos que asistiu. A nivel persoal conseguiu o Premio ao mellor Director do Concurso Internacional "Flicorno d'oro" en Italia e foi finalista no Concurso de Directores de Banda en Abaddia San Salvatore de Siena así como semifinalista no World Music Contest de Kerkrade na especialidade de Dirección.






**Carlos Diéguez Beltrán**. Nace en Monforte de Lemos (Lugo). Titulado Superior en Trombón, Licenciado en Music Direction é Director da Escola de Música Municipal de Ortigueira (A Coruña) e Presidente da Asociación Nacional de Directores de Banda (ANDB).

Realizou proxectos educativos e dirixiu agrupacións en España, Portugal, Alemaña, Italia, Eslovenia, Costa Rica, Cuba, Arxentina ou Venezuela, traballando con organismos de diverso ámbito (desde Universidades, Conservatorios, Ministerios de Cultura, “O Sistema”...)

Publicou diversos libros e materiais didácticos, destacando o Oficio de Director de Banda e os métodos Bandeando e Solfexando.

No ámbito da Xestión Cultural participa activamente na organización de Festivais, Xiras e Encontros Académicos con mozos, destacando entre eles o proxecto das Bandas Sinfónicas de Galicia e o Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira.

Carlos Diéguez participa habitualmente en congresos sobre a xestión e dinamización de agrupacións musicais e imparte conferencias ou talleres no ámbito universitario, administracións locais e asociacionismo musical.



**Eduardo Navarro Carrión**. Licenciado en Historia da arte pola Universidade de Zaragoza. Cursou o máster de Xestión Cultural na Universidade Carlos III de Madrid e estudos de post grao en xestión de patrimonio na Universidade de Exeter (Inglaterra).

Coordinador de exposicións internacionais no *Círculo de Bellas Artes de Madrid* durante 5 anos, foi tamén coordinador da área de cursos e públicos da mesma Institución. En 2008 traballa para a AECID na súa oficina de Túnez realizando unha asistencia técnica no campo da cooperación cultural (patrimonio). Un ano despois trasládase a Beirut onde será responsable cultural para o Instituto Cervantes en Líbano e coordinador cultural rexional (Exipto, Siria e Xordania), ocupándose da programación cultural desa rexión. En 2015 trasládase a Xordania onde é xefe de proxecto para o programa cultural da Delegación Europea nese país, en coordinación co *British Council* da rexión. A partir dese mesmo ano comeza a realizar

consultarías para a fundación *Drosos* en aspectos de sustentabilidade institucional, reforzo de competencias e programas de públicos para institucións culturais, realizando estes servizos para diferentes axentes locais no medio Oriente ata 2018. En xaneiro de 2018 é nomeado responsable cultural do Instituto Cervantes de París e coordinador cultural para os diferentes centros dese país.



**César Abella Vázquez.** Licenciado en Historia da arte pola Universidade de Santiago de Compostela (1997-2001) coa especialidade en Arte Moderna, Arte Contemporánea e os itinerarios complementarios de Patrimonio e Historia da Música.

Conta ademais cunha ampla formación complementaria con varios posgraos e máster orientados fundamentalmente cara á xestión do patrimonio e bens culturais.

A súa actividade profesional arrinca no ano 2004 coa fundación de “ TRIVIUM: Estratexias en Cultura e Turismo S. L.” onde coordina un equipo de profesionais multidisciplinar e presenta iniciativas relacionadas co turismo, a xestión cultural, as exposicións e a interpretación do patrimonio a institucións de ámbito público e privado. Froito diso e ao longo destes anos desenvolveu máis de 200 proxectos nos ámbitos da xestión cultural, o turismo cultural e a museografía.

Outra das súas facetas é a de conferenciante e relatora en diversos cursos de formación, congresos e xornadas.